

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de xaneiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Propositions non de lei

- 1.1 31612 (10/PNC-002564)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre o ofrecemento polo Goberno galego ao Goberno central de toda a colaboración necesaria para o desenvolvemento do proxecto Ezkaba, en especial para localizar os familiares dos presos galegos no forte de San Cristóbal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018
- 1.2 34266 (10/PNC-002786)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre o impulso por parte da Xunta de Galicia para presentar no Parlamento de Galicia, antes do remate deste período de sesións, un informe sobre a aplicación durante os cursos 2016-2017 e 2017-2018 do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, así como das necesidades de corrección, se as hai, do dito plan cara á consecución dos seus obxectivos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.3 40653 (10/PNC-003292)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun informe do Consello Escolar de Galicia respecto da situación da coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 22.3 da Lei 11/2017, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018
- 1.4 41070 (10/PNC-003334)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o desenvolvemento por parte da Xunta de Galicia, en colaboración coa Igrexa católica e o Concello do Saviñao, das actuacións necesarias para a conservación e a posta en valor da capela da Virxe de Guadalupe, en San Vitoiro de Ribas de Miño

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

- 1.5 41140 (10/PNC-003342)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de comedor que se está a prestar no IES Aquis Querquernis de Bande, así como o establecemento dun único modelo de comedor escolar para todo o territorio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018
- 1.6 41477 (10/PNC-003375)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co funcionamento da escola unitaria de Carnoedo, no concello de Sada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 397, do 13.12.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión